



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Número 39 /2023

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA REGULAR A COLABORACIÓN DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA CORUÑA (ETSAC) CO COWORKING DO PAZO DE ARENAZA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DO EMPRENDIMENTO, ENMARCADO DENTRO DA LIÑA 2.3. DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL)

Na Coruña, a 24 de abril de 2023, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, D. Valentín González Formoso,

E doutra parte o Sr. Reitor da Universidade da Coruña, D. Julio Ernesto Abalde Alonso.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Universidade da Coruña (en adiante UDC) consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o autoemprego e apoiar novas iniciativas empresariais como base para o desenvolvemento socioeconómico, así como para a creación de emprego sostible, innovador e de calidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Universidade da Coruña, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade da Coruña, CIF Q6550005J, para establecer as bases da cooperación entre a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC) e o coworking do Pazo de Arenaza para o desenvolvemento de actividades de fomento do emprendemento.

II.- ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

1. Reserva e acceso preferente a catro módulos de traballo do coworking do Pazo de Arenaza para estudantes do máster habilitante de Arquitectura e estudantes recentemente graduados da ETSAC que desexen comezar un proxecto empresarial en fase de preincubación e sexan previamente seleccionados por unha Comisión conformada por persoal da ETSAC e do equipo xestor do coworking do Pazo de Arenaza.
2. A ETSAC comprométese a realizar difusión da labor de apoio aos proxectos de emprendemento do coworking do Pazo de Arenaza e as condicións de uso e acceso entre as persoas matriculadas nos diferentes graos e máster impartidos na Escola.
3. Ambas partes, desde o coworking do Pazo de Arenaza e a ETSAC comprométese a coorganizar catro eventos anuais enfocados ao emprendemento e a dar acceso a fabricantes, tecnoloxías e ferramentas a proxectos de emprendemento do sector.
Os eventos coorganizados poderán desenvolverse na ETSAC ou no Pazo de Arenaza e terán como obxectivo principal mostrar iniciativas emprendedoras dentro do sector da Arquitectura para motivar, formar e intercambiar coñecementos e inquietanzas co alumnado da ETSAC e impulsar os proxectos emprendedores aloxados no coworking.
4. Ambas entidades comprométese a dar publicidade tanto da firma do convenio como das accións que se leven a cabo derivadas da súa sinatura.

III.- BASES DA ADMISIÓN DOS PROXECTOS EMPRESARIAIS

Os proxectos promovidos por estudantes da ETSAC entrarán no espazo de coworking do Pazo de Arenaza en fase de preincubación e disporán de 12 meses para desenvolver o seu proxecto e formalizar a creación dunha actividade empresarial en calquera das formas legalmente establecidas. Este prazo de 12 meses poderá ampliarse ata os 18 meses baixo petición previa do propio proxecto mediante solicitude e memoria explicativa dos motivos.

O alumnado do máster habilitante de arquitectura e as persoas graduadas nos últimos dous anos na ETSAC interesadas en emprender presentarán os seus proxectos empresariais relacionados cos sectores da Arquitectura e Urbanismo. Ademais valoraranse positivamente aqueles que inclúan de medidas transversais ligadas aos principios da economía circular e a sustentabilidade.

Unha comisión formada por persoal da ETSAC e do equipo xestor do Pazo de Arenaza seleccionará os proxectos de emprendemento máis viables, segundo os criterios de selección establecidos nas Instrucións de acceso ao espazo de traballo (coworking) do Pazo de Arenaza vixentes no momento da solicitude. Esta selección será validada polo persoal xestor do Pazo de Arenaza ou, no seu caso, polo persoal técnico do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña.

No momento en que o/a egresado constitúa formalmente o seu proxecto empresarial como empresa ou comece a exercer a súa actividade empresarial como autónomo/a ou arquitecto colexiado, o proxecto empresarial mudará á fase de incubación, quedando excluído deste convenio e liberando o módulo de traballo asignado no marco deste convenio. Na fase de incubación a persoa impulsora do proxecto poderá solicitar formalmente o seu acceso mediante o procedemento establecido nas Instrucións de acceso ao espazo de traballo (coworking) do Pazo de Arenaza vixentes no momento da solicitude.

Por circunstancias excepcionais as solicitudes e admisións poderán ser revogadas unilateralmente pola Deputación da Coruña mediante resolución motivada.

IV.- DURACIÓN

Este convenio terá unha duración dun ano, a contar desde a súa sinatura, e poderá ser obxecto de prórrogas anuais por acordo expreso das partes, sen que en ningún caso poida exceder de catro anos.

V.- PUBLICIDADE

Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: <https://pel.gal/lineas/lina-2-pel-emprende/rede-provincial-coworking/>

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O REITOR DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA**

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Julio Ernesto Abalde Alonso

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Amparo Taboada Gil